

ACTIVIDADES MUSICAIS PARA CADA DÍA DE LA SEMANA

(Todas estas actividades podedes gravalas ou sacarlles unha fotografía e envialas ao seguinte email: bolboretafeiticeira@gmail.com indicando o voso nome e a clase a que pertencedes ou o nome da titora)

Recordade que son actividades voluntarias

1. Canción para recibir a primavera

Como sabedes o día 20 de marzo comezou a primavera polo que imos aprender unha canción para esta nova estación que comeza:

<https://www.youtube.com/watch?v=MULHfNXPOC8&pbjreload=10>



Escoitaremos a canción da primavera e faremos un debuxo desta. Podemos debuxar ao mesmo tempo que escoitamos a canción.

Escribiremos o noso nome (todo artista firma a súa obra) e poñerémolle un título que escribiremos pola parte de atrás. Ao rematar podemos expoñelo na nosa habitación.

2. Manualidade



O 21 de marzo tamén foi un día especial " Día Internacional dos Bosques" polo que imos facer unha manualidade para conmemorar este día.

Propoñemosvos decorar a vosa fiestra cunha silueta dunha arbore e engadirlle todo o que vos queirades: follas, flores, froitos, paxariños, bolboretas...

Sempre que traballamos podemos poñer música de fondo, nesta ocasión suxerimos unha música relaxante con sons da natureza:

<https://www.youtube.com/watch?v=SrydkUYUoYo>

3. Contaconto musical

<https://www.youtube.com/watch?v=kwCnBYs2QvA>

Nesta ocasión poderemos escoitar o conto a escuras imaxinando o que o narrador vai contando. Ao rematar prenderemos a luz que comentaremos coa familia o que sentimos. Poderemos escoitalo de novo con luz e comparar sensacións.



4. Xogos de palmas

<https://www.youtube.com/watch?v=Mg8qiq4sjjM>

Con esta canción traballamos a coordinación e a memoria. Podemos practicala solos ou en parella e podemos cambiarlle a letra e cantala dicindo:



PRIMA PRIMA VEVE
PRIMA PRIMA RARA
PRIMA VE PRIMA RA
PRIMAVERA

MARI MARI POPO
MARI MARI SASA
MARI PO MARI SA
MARIPOSA

5. Nos disfrazamos

O 27 de marzo é o Día Mundial do Teatro polo que vos animamos a disfrazarvos con cousiñas que teñades na casa, non ten que ser propiamente un disfrace. Deixade voar a imaxinación e create unha mini obra teatral. Pode ser nunha situación cotiá da casa (espertando, almorzando, facendo ximnasia) exaxerando os comentarios, facendo bromas... ¡Perdendo a vergoña! Podedes buscar música de intriga, de acción, de circo... para completar a vosa obra.

6. Coreografía en Lingua de Signos

Nesta ocasión propoñemos unha actividade de baile cunha coreografía moi movida e interpretada a lingua de signos. Deixade sitio no salón e... ¡a bailar!



<https://www.youtube.com/watch?v=qrJ4086tRH0>

7. Adiviña sons

Esta actividade require moita concentración. É preciso escoitar e non mirar as imaxes do vídeo tan só para comprobar se adiviñades o son.



<https://www.youtube.com/watch?v=noQTk4mOmIQ>

Agora podedes facer o mesmo gravando sons da casa (grifo aberto, aspiradora, secador...) e logo adiviñar quen o producía.